

PARTE: V

**NORMAS PARA A XESTIÓN DO
PROGRAMA**

INDICE :

1.- MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.

2.- PROCESO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS

3.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

3.1. PROXECTOS PRODUCTIVOS

3.2 PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

3.3- GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES PROMOCIÓN.

3.4.- CATEGORÍAS E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

3.5.- REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DOS PROXECTOS.

3.6.- BAREMO.

3.7.- MARCO DE PUNTUACIÓN

4.- EQUIPO XESTOR DO GDR.

5.- SEDE.

6.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

7.- PLAN DE DIFUSIÓN DO PROGRAMA.

7.1 Estratexia de difusión

7.2 Accións de Comunicación e Difusión

1.- MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.

A directiva de Terras do Deza, tendo en conta o carácter público dos fondos, garantirá no proceso de selección e baremación dos distintos proxectos que reciba, os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia, tanto nos proxectos externos como aqueles que emanen do propio grupo; podendo contratar ou requirir a presenza de asesores externos ou expertos en cantas ocasións estime oportuno, para garantir a correcta puntuación de cada un dos proxectos así como a súa viabilidade, técnica, económica e financeira.

Normas de actuación:

A.- **Imparcialidade:** Os membros da Xunta Directiva deberán de ausentarse dos debates e votacións naqueles supostos en que teñan un interese directo ou indirecto por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao civil por cosanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.

B.- **Publicidade:** Nas convocatorias, nas regras para a selección de proxectos subvencionados e nas contratacións que deba facer a Asociación.

C.- **Transparencia:** Este principio faraseectivo na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten, na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que á vez sexa, perceptor ou intersado na axuda. Os expedientes deberán estar completos.

D.- **Libre concorrencia:** Sen máis limitacións que as que se deriben da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación por parte da Asociación, dos recursos humanos ou materias

E.- **Obxectividade:** mediante a aplicación ós proxectos das normas recollidas no Programa, concretamente no apartado referente ás normas de selección e priorización dos proxectos, previamente establecidas e feitas públicas, do réxime de axudas e demais normativa de aplicación ó programa, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.

F.- **Igualdade:** De tal xeito que as situacións iguais non reciban diferente trato.

G.- **Non discriminación:** Para evitar diferenzas de trato baseadas en motivos persoais ou noutras circunstancias alleas ás normas aplicables á xestión do programa, en particular, os criterios para a selección e priorización de proxectos.

H.- **Eficacia:** As actuacións deben orientarse á consecución directa dos obxetivos do programa de desenvolvemento rural, cuantificando as decisións e nalizando as súas consecuencias posibles.

I.- : **Eficiencia:** na procura de que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio económico e social, en especial, entre mulleres e mozos a fin de acadar a mellor proporción entre rendemento, investimentos e funcionamento.

J.- **Participación:** Colaboración coa sociedade civil e o tecido asociativo público e privado do territorio e co resto dos Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

Para que este elenco normativo teña virtualidade, a Asociación fará público nos seus taboleiros de anuncios e nas publicacións que edite, todas as convocatorias, documentos, concursos e anuncios que efectúe.

2.- PROCESO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS:

As fases que compoñen o proceso de selección de proxectos por parte do GDR - TERRAS DO DEZA seguirá a seguinte secuencia:

1 - CONVOCATORIA E SELECCIÓN DE PROXECTOS :

Convocatoria aberta ate o 01/09/2013

2 – SOLICITUDE DA AXUDA:

Presentación no rexistro de GDR

3 – AVALIACIÓN:

Aplicación do baremo polo equipo técnico do GDR

4 – CONTROL DE ELIXIBILIDADE:

Agader

5 – SELECCIÓN:

Xunta Directiva de GDR

6 – RESOLUCIÓN:

Agader

7 - BENEFICIARIO:

A convocatoria permanecerá aberta durante todo o período do programa, ata o 1 de setembro de 2013. Procurará compaxinar a axilidade na aprobación de axudas, coa priorización daqueles proxectos máis interesantes, no caso de que os recursos financeiros non cheguen para a financiación de tódolos proxectos.

Así, se as peticións de cada ano non esgotan o orzamento desa anualidade, os expedientes resolveranse a medida que chegen; segundo as decisións do órgano directivo de Terras de Deza.

No caso de que se esgoten os fondos previstos no cadro financeiro na anualidade correspondente, tódalas peticións dese ano que se presenten con posterioridade instruiranse normalmente, pero quedarán por resolver. Cando comece o ano seguinte tódolos expedientes que contén coa validación por parte de Agader do **Informe do Control de Elixibilidade** con data 31 de decembro, someteranse á selección do órgano de decisión por concorrencia entre eles, aprobándose primeiro os que máis puntuación obteñan no baremo.

Se os fondos da nova anualidade chegan para tódolos proxectos pendentes poderán seleccionarse todos; se os fondos non chegaran para tódolos proxectos iranse seleccionando por rigorosa orde de puntuación ata esgotar a anualidade.

Os proxectos que non puideran finalmente ser seleccionados, por estar esgotados os fondos, quedarían excluídos, podendo os promotores, se así o desexan, quedar nunha lista de agarda a expensas de que se volva dispoñer de fondos.

3.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

3.1. PROXECTOS PRODUCTIVOS

Actuacións enmarcables na MEDIDA 411: “Dinamización do sector agrario e forestal”

- Porcentaxe máxima da axuda:

Regra xeral: 45% sobre o gasto subvencionable, cos límites contemplados nas propias fichas.

- Limitacións:

No sector da produción agraria, cando o agricultor non teña a consideración de agricultor mozo e o proxecto se desenvolva fora das zonas catalogadas como desfavorecidas ou de alta montaña: 40% sobre o gasto subvencionable.

No sector da transforamación e comercialización dos produtos agrarios, cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: 25% sobre o gasto subvencionable

- Importe máximo da axuda: 250.000 Euros

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ó seu financiamento será do 25% como mínimo.

Con carácter xeral as axudas concedidas no marco desta medida ampáranse no Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo a axuda ó desenvolvemento rural a través do Feader.

Tratándose de productos para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, cando se efectúen respecto de produtos non incluídos no anexo I do Tratado, as axudas que se concedan ampararanse no Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos.

De conformidade con este Regulamento, a axuda total de mínimos concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 Euros durante un período de tres exercicios fiscais.

Actuacións enmarcables no marco da MEDIDA 413: “Diversificación da Economía Rural e mellora da Calidade de vida”

A intesidade da axuda que pode percibir un proxecto productivo no marco da medida 413 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que de seguido se relacionan.

Respecto dos proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ó seu financiamento será do 25% como mínimo.

- Proxectos vinculados á diversificación cara actividades non agrarias e de creación, ampliación, modernización e/ou traslado de PEMES:

Porcentaxe máxima da axuda 45% sobre o gasto subvencionable.

Importe máximo da axuda: 250.000 Euros

- Se se trata de proxectos vinculados ós epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

Esta axuda ampárase no Regulamento 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE as axudas estatais ás pequenas empresas ou normativa que o substitúa.

- Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural.

- Porcentaxe máximo da axuda : 45% sobre o gasto subvencionable
- Importe máximo da axuda: 200.000 Euros

Esta axuda ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos. De acordo con este Regulamento, a axuda total de mínimos concedida a un beneficiario determinado no superará os 200.000 Euros durante un período de tres exercizos fiscais.

3.2 PROXECTOS NON PRODUCTIVOS:

Actuacións enmarcables no marco da MEDIDA 412: “Mellora Medioambiental e do Contorno Rural”

- Porcentaxe máximo da axuda : 100 % sen perxuízo de límites .
- Importe máximo da axuda: 30.000 Euros

Actuacións enmarcables no marco da MEDIDA 413: “Diversificación da Economía Rural e mellora da Calidade de vida”

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto non productivo no marco desta medida (413) non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

- Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural
- Porcentaxe máximo da axuda : 100 % sen perxuízo de límites .
- Importe máximo da axuda: 250.000 Euros

Para estes efectos terán a consideración de non productivos os proxectos que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estén afectos a unha actividade económica. Asemade, terán este carácter aqueloutros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica, ou

estando afectos a unha actividade económica non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate e sempre e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro.

- Gastos de formación:
 - Porcentaxe máximo da axuda : 100% , sen perxuízo de límites.

Os gastos vinculados á formación ampáranse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión de 15 de decembro, relativo a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos. De acordo con este Regulamento a axuda total de mínimos concedida a un beneficiario determinado no superará os 200.000 Euros durante un período de tres exercizos fiscais.

3.3- GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES PROMOCIÓN.

Submedida 431. A: Gastos de funcionamento.

Os gastos de funcionamento de GDR financiarase dentro dos límites do cadro financeiro anexo ó convenio de colaboración que se asine con Agader e de acordo cos importes máximos autorizados por Agader anualmente, de acordo co disposto no epígrafe VII das bases de selección de programas e de GDR

- Porcentaxe máxima de axuda pública:
 - ata o 100 % cos límites cuantitativos e porcentuais contemplados na ficha de elixibilidade IV

Submedida 431. B: Adquisición de capacidades e promoción do territorio

Os gastos destinados á adquisición de capacidades e promoción do territorio financiarase dentro dos límites do cadro financeiro anexo ó convenio de colaboración que se asine con Agader e de acordo cos importes máximos autorizados por Agader anualmente, de acordo co disposto no epígrafe VII das bases de selección de programas e de GDR

- Porcentaxe máxima de axuda pública: ata o 100 % cos límites cuantitativos e porcentuais contemplados na ficha de elixibilidade IV

Os gastos vinculados á medida 431 xustificaranse nos termos previstos na parte xeral deste réxime de axudas coa particularidade de que poderán presentar as xustificacións de gasto con periodicidade mensual que darán lugar ós correspondentes pagos parciais.

Os cadros de financiación están recollidos na Parte VI: Plan Financeiro

3.4.- CATEGORÍAS E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS NON PRODUCTIVOS

O importe e a porcentaxe de axuda pública que pode corresponder ós proxectos de natureza non productiva axustarase ás intensidades máximas de axuda que se relacionan de seguido, segundo a prioridade do proxecto de que se trate

Proxectos non productivos de prioridade alta. Intensidade da axuda ata o 100%

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día)
- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación
- Implantación de TIC no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, e plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

Proxectos non productivos de prioridade media. Intensidade da axuda ata o 70%

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

Outros Proxectos non productivos. Intensidade da axuda ata o 50%

- Infraestructuras de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia
- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

3.5.- REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DOS PROXECTOS.

A . PROXECTOS SUBVENCIONABLES

- No marco do réxime de axudas LEADER 2007-2013 os proxectos e actuacións subvencionables deben contribuir a acadar algún destes obxetivos:

A.- Reforzamento da base productiva agroalimentaria e forestal:

- Modernización das explotacións agrarias
- Aportación de valor engadido ás producións agrarias e forestais
- Contribución ó establecemento de xoves agricultores

B.- Propiciar a sostibilidade e multifuncionalidadedos sectores agrarios e forestal

- Recuperación do potencial forestal e introducción de medidas preventivas
- Primeira forestación de terras non agrícolas
- Axudas agroambientais

C.- Mellora do medioambiente e do contorno rural

D.- Mellora da calidade de vida e da economía das zonas rurais.

- Apoio á creación e desenvolvemento de microempresas
- Prestación de servizos básicos para a economía e a poboación rural

E.- Fomento e mellora da gobernanza do territorio

As estratexias integradas seleccionadas con arranxo ós principios do programa LEADER en Galicia (10% do PDR), deberán contribuir á realización dos obxetivos dos eixos 1,2 e 3, nun 25%, nun 5% e nun 70%, respectivamente.

- Os proxectos deberán cumprir as condicións de subvencionalidade que se especifican nas fichas de elixibilidade I, II, III e IV:

Ficha de elixibilidade I: Proxectos enmarcables na medida 411: Dinamización do sector agrario e forestal

Ficha de elixibilidade II: Proxectos enmarcables na medida 412 Mellora do medioambiente e do contorno rural.

Ficha de elixibilidade III: Proxectos enmarcables na medida 413: Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

Ficha de elixibilidade IV: Proxectos enmarcables na medida 431: Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción o territorio

- Os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos con carácter xeral:

- Carácter innovador da iniciativa. Enténdese por tal, non so a tecnolóxica, senon tamén, a búsqueda de novos xeitos de enfrontarse ós retos do territorio
- Viabilidade: o proxecto será viábel técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.
- Estar no ámbito territorial elixible de aplicación do programa
- Ser finalistas, é dicir, que a subvención cumpar o obxectivo para o que foi concedida.
- Axuste á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) aplicable.
- Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado.

B . BENEFICIARIOS

Teñen a condición de beneficiarios no ámbito da estratexia deseñada polo GDR Terras de Deza:

- As persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- As entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- As comunidades de montes veciñais en man común e a súas mancomunidades.

Os beneficiarios deberán acreditar os seguintes requisitos:

- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma Galega. Exceptúase este requisito para as entidades públicas locais
- Non incurrir en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Cumprir os requisitos de Peme, nos termos regulados na Recomendación da Comisión do 6 de maio do 2003 sobre deficiencia de microempresas, pequenas e medianas empresas (2003/361/CE):

1. Empregar a menos de 250 persoas. O cadro de persoal obtérase pola media mensual habida durante o ano do último exercicio financeiro pechado e considerará tanto o persoal a xornada completa, como en ponderación mensual, o traballo a tempo parcial ou estacional.

2. Ter un volume de negocio anual ou un balanço xeral anual que non exceda de 50 millóns de Euros.

3. Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, para os beneficiarios das axudas a proxectos non productivos promovidos no marco das fichas de elixibilidade II e III, e para os promotores de proxectos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que se desenvolvan no marco da medida 411. Nos termos

previstos na ficha de elixibilidade I, poderán ser beneficiarias, ademáis das Pemes, as empresa intermedias, que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de Euros.

- Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade

3.6.- BAREMO.

O programa LEADER de financiación dos GDR, non é excluínate con ningunha outra liña de financiamento derivada de fondos públicos, se ben cada proxecto, deberá ir acompañado da correspondente certificación de axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, de xeito que a suma total das mesmas non poderá superar nunca o 100% do custe de execución, realización e posta en funcionamento do proxecto; nestes casos, o importe máximo da axuda dependerá da baremación global do proxecto e da porcentaxe de axuda aportada por outros fondos.

- Carácter innovador da iniciativa.
- Viabilidade: o proxecto será viábel técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- Adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento definida.
- Estar no ámbito territorial.
- Ser finalistas, é dicer, que a subvención cumpar o obxectivo para o que foi concedida.
- Axuste á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) aplicable.

Unha vez superados os requisitos de subvencionalidade, procederase á aplicación do baremo. O baremo constará duns criterios para avaliar os proxectos produtivos e outros para avaliar os proxectos non produtivos.

A.- PROXECTOS PRODUTIVOS

O baremo para a avaliación dos proxectos produtivos axustarase ao seguinte esquema xeral (indícase en cada bloque a puntuación total sobre a que se baremará en cada caso):

1.- Ubicación xeográfica. 40 puntos.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Neste criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con relación ao IMRF de Galicia que é de 100, polo tanto e en función dos datos que obran para os concellos que integran o territorio de Terras do Deza, obsérvase unha distribución do IMRF que varía dende o 47% de Dozón ata o 93 % de Silleda sempre en relación ao ano 2002 e con referencia á media galega, e por isto que se establecen tres tramos na baremación, potenciando as accións nos concellos con menor IMRF, a puntuación establecida é a que segue:

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

- Concellos cun IMRF inferior o 65 % (Dozón): 10 puntos.
- Concellos cun IMRF comprendido entre o 65 % e o 75% (Rodeiro e Agolada): 8 puntos.
- Concellos cun IMRF comprendido entre o 76% e o 84% (Vila de Cruces): 7 puntos.
- Concellos cun IMRF comprendido entre o 85% e o 90% (Lalín e Silleda): 5 puntos.

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

A valoración realizarase en función dos indicadores relativos á estrutura e dinámica de poboación entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do padrón municipal de habitantes.

- Concellos cunha caída de poboación maior ou igual ao 10,00% (Agolada e Rodeiro): 10 puntos.
- Concellos cunha caída de poboación entre o 8 % e o 10% (Vila de Cruces): 8 puntos.
- Concellos cunha caída de poboación entre o 5 % e o 8 % (Dozón): 7 puntos.
- Concellos cunha caída de poboación inferior ó 5% (Lalín e Silleda): 5 puntos.

A través de esta baremación favoreceranse os proxectos dinamizadores naquelas áreas que sufriron un maior descenso poboacional, contribuíndo deste xeito a recuperación poboacional destas áreas.

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Este apartado valorarase cun máximo de 10 puntos.

Priorízanse os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, primando os proxectos ubicados en núcleos rurais de menor densidade poboacional.

- Proxectos instalados en entidades de poboación con menos ou igual a 100 hab: 10 puntos.
- Proxectos instalados en entidades de poboación con máis de 100 hab e menos ou igual a 500 hab: 8 puntos.
- Proxectos en entidades de poboación con máis de 500 hab e menos de 2.500 hab. 7 puntos.
- Núcleos cunha poboación igual ou superior a 2.500 habitantes terán neste criterio 0 puntos.

1.4. Outros criterios xeográficos

- Proxecto ubicado en Rede Natura e espazos naturais protexidos 10 puntos

2.- Características do promotor do proxecto.

Este apartado valorarase cun máximo de 10 puntos.

- Proxectos cuxos promotores sexan mulleres 2
- Proxectos cujos promotores sexan mozos/as, < 40 anos 2
- Proxectos cujos promotores sexan persoas con discapacidade 2
- Formación /experiencia relacionada coa actividade ata un máximo de 2
(0,5 puntos por ano acreditado)
- Proxectos que utilizen o idioma galego na súa execución 2

3.- Incidencia no emprego.

A valoración máxima deste apartado será de 25 puntos.

A directiva de Terras de Deza deberá primar a creación do maior número de empregos posibles, ao tempo que se favoreza o maior número de iniciativas empresariais, deste xeito o baremo de puntuación establecerase en función da ratio investimento/emprego segundo segue:

INCIDENCIA NO EMPREGO

A. Creación de emprego neto

1 punto creado ou 2 puntos por cada emprego creado con persoas con discapacidade ata un máximo de 20 puntos.

B. 100% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 40 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos recollidos no Decreto 156/2007, de 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral.

3 puntos adicionais

C. 75% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 40 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos mencionados.

2 puntos adicionais

D. 50% de empregos creados son mulleres e/ou mozos < 40 anos e/ou pertencen a algún dos colectivos desfavorecidos mencionados.

1 punto adicional

EMPREGO XERADO POR INVESTIMENTO. (REFERENCIA 100.000 EUROS)

De 0 a 1 ($\geq 0 < 1$)	1 punto
De 1 a 2 ($\geq 1 < 2$)	2 puntos
De 2 a 3 ($\geq 2 < 3$)	3 puntos
De 3 a 4 ($\geq 3 < 4$)	4 puntos
Maior de 4	5 puntos

4.- Impacto sobre o territorio. 25 puntos.

4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto.

Obterán a puntuación aqueles proxectos que cumplan algún dos criterios

A valoración máxima deste apartado será de 5 puntos.

Obterán a máxima puntuación:

- ✓ Aqueles proxectos nos que os empregos xerados sexan cubertos por persoal do mesmo territorio, sempre que existan neste demandantes de emprego coas características requiridas para o posto.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 80% do mesmo concello.
- ✓ Aqueles proxectos que fagan utilización dos factores productivos da zona

Obterán 3 puntos:

- ✓ Aqueles proxectos nos que a metade dos empregos xerados sexan cubertos por persoal do mesmo territorio, sempre que existan neste demandantes de emprego coas características requiridas para o posto.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 60% do mesmo concello.

Obterán 1 punto:

- ✓ Aqueles proxectos nos que o 25% dos empregos xerados sexan cubertos por persoal do mesmo concello, sempre que existan neste demandantes de emprego coas características requiridas para o posto.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 30% do mesmo concello.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 40% dos concellos do Deza.

4.2.- Incidencia medioambiental.

Obterán a puntuación aqueles proxectos que cumplan algún dos criterios

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 5 puntos.

Obterán a máxima puntuación:

- ✓ Aqueles proxectos que sexan autosuficientes enerxeticamente na súa totalidade

- ✓ Aqueles proxectos que empreguen materiais reciclados nunha porcentaxe superior ao 75%.
- ✓ Que incorporen na súa redacción modelos de recuperación da paisaxe na que se enmarcan.
- ✓ Que incorporen un sistema de xestión total dos residuos xerados na súa actividade.
- ✓ Que empreguen materiais ou materias primas ecolóxicas nunha porcentaxe superior ao 75%.

Obterán 3 puntos:

- ✓ Aqueles proxectos que empreguen enerxías renovables nalgún dos seus procesos.
- ✓ Aqueles proxectos que empreguen materiais reciclados nunha porcentaxe superior ao 45%.
- ✓ Que incorporen algún sistema de xestión de residuos xerados na súa actividade.
- ✓ Que empreguen materiais ou materias primas ecolóxicas nunha porcentaxe superior ao 45%.

4.3.- Carácter vertebrador do proxecto.

Obterán 5 puntos adicionais aqueles proxectos que cumplan algún dos seguintes criterios:

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 5 puntos.

- ✓ Teñan un ámbito de incidencia supramunicipal ou comarcal vertebrador.
- ✓ Implicación no proxecto de varias entidades de carácter colectivo.

4.4- Contribución ó desenvolvemento integral da zona e encaixe na estratexia.

Obterán 5 puntos adicionais aqueles proxectos que cumplan algún dos seguintes criterios:

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 5 puntos.

- ✓ Inexistencia da actividade no concello.
- ✓ Inexistencia da actividade no concello e no resto do territorio
- ✓ Novo produto ou servizo, ou novas aplicacións dos produtos

- ✓ Utilización de enerxía renovables
- ✓ Incorporación das novas TIC.

4.5.- Tipoloxía do proxecto:

Obterán puntos adicionais aqueles proxectos que cumplan algún dos seguintes criterios:

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 5 puntos.

- | | |
|---------------------------|----------|
| ✓ Primeiro establecemento | 5 puntos |
| ✓ Ampliación | 3 puntos |
| ✓ Modernización | 1 punto |

B.- PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

O baremo para a avaliación dos proxectos non produtivos axustarase ao seguinte esquema xeral (indícase en cada bloque a puntuación total sobre a que se baremará en cada caso):

1.- Ubicación xeográfica. 40 puntos.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

Neste criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con relación ao IMRF de Galicia que é de 100, polo tanto e en función dos datos que obran para os concellos que integran o territorio de Terras do Deza, obsérvase unha distribución do IMRF que varía dende o 47% de Dozón ata o 93 % de Silleda sempre en relación ao ano 2002 e con referencia á media galega, e por isto que se establecen tres tramos na baremación, potenciando as accións nos concellos con menor IMRF, a puntuación establecida é a que segue:

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

- Concellos cun IMRF inferior o 65 % (Dozón): 10 puntos.
- Concellos cun IMRF comprendido entre o 65 % e o 75% (Rodeiro e Agolada): 8 puntos.
- Concellos cun IMRF comprendido entre o 76% e o 84% (Vila de Cruces): 7 puntos.
- Concellos cun IMRF comprendido entre o 85% e o 90% (Lalín e Silleda): 5 puntos.

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

Obterán a puntuación aqueles proxectos que cumplan algún dos criterios

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

A valoración realizarase en función dos indicadores relativos á estrutura e dinámica de poboación entre os anos 2002 e 2007 de acordo coas cifras do padrón municipal de habitantes.

- Concellos cunha caída de poboación maior ou igual ao 10,00% (Agolada e Rodeiro): 10 puntos.
- Concellos cunha caída de poboación entre o 8 % e o 10% (Vila de Cruces): 8 puntos.
- Concellos cunha caída de poboación entre o 5 % e o 8 % (Dozón): 7 puntos.
- Concellos cunha caída de poboación inferior ó 5% (Lalín e Silleda): 5 puntos.

A través de esta baremación favoreceranse os proxectos dinamizadores naquelas áreas que sufriron un maior descenso poboacional, contribuíndo deste xeito a recuperación poboacional destas áreas.

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

Neste apartado valorarase cun máximo de 10 puntos.

Priorizaranse os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, primando os proxectos ubicados en núcleos rurais de menor densidade poboacional.

Proxectos instalados en entidades de poboación inferior ou igual a 100 hab. 10 puntos.

Proxectos instalados en entidades de poboación con máis de 100 hab e menos ou igual a 500 hab.

8 puntos.

Proxectos instalados en entidades de poboación con máis de 500 hab e menos ou igual a 2.500 hab

5 puntos.

Núcleos cunha poboación igual ou superior a 2.500 habitantes terán neste criterio 0 puntos.

1.4.- Outros criterios xeográficos

- Rede Natura e espazos naturais protexidos 10 puntos

2.- Características do promotor do proxecto e ámbito. 20 puntos

- Proxectos de ámbito supramunicipal potenciadores vertebración territorial do Deza así como a súa dotación de servizos no seu territorio. 5 puntos.

- Promotores de ámbito supramunicipal 5 puntos

- Promotores formados maioritariamente por mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade. 5 puntos

- Uso do idioma galego no desenvolvemento e execución do proxecto. 5 puntos

3.- Impacto sobre o territorio. 40 puntos

3.1.- Poboación beneficiada

Obterán a puntuación aqueles proxectos que cumplan algún dos criterios

A valoración máxima deste apartado será de 10 puntos.

- Beneficio sobre unha poboación de máis de 500 Habitantes 10 puntos

- Beneficio sobre unha poboación de máis de 100 e menos ou igual de 500 Habitantes
8 puntos

- Beneficio sobre unha poboación de igual ou menos de 100 Habitantes
5 puntos

3.2.- Capacidade de arrastre do proxecto.

Obterán a puntuación aqueles proxectos que cumplan algún dos criterios

A valoración máxima deste apartado será de 10 puntos.

Obterán a máxima puntuación:

- ✓ Aqueles proxectos que xeren máis de 10 empregos directos.
- ✓ Aqueles proxectos nos que os empregos xerados sexan cubertos por persoal do mesmo territorio, sempre que existan neste demandantes de emprego coas características requiridas para o posto.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 80% do mesmo concello.
- ✓ Aquelas iniciativas empresariais que incentiven a cooperación entre empresas.

Obterán 8 puntos:

- ✓ Aqueles proxectos que xeren máis de 5 empregos directos.
- ✓ Aqueles proxectos nos que a metade dos empregos xerados sexan cubertos por persoal do mesmo concello, sempre que existan neste demandantes de emprego coas características requiridas para o posto.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 60% do mesmo concello.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 60% dos concellos de Deza.
- ✓ Aqueles proxectos que xeren servizos que beneficien directamente os membros da comunidade na que se instalan.

Obterán 5 puntos:

- ✓ Aqueles proxectos que xeren máis de 2 empregos directos.

- ✓ Aqueles proxectos nos que o 25% dos empregos xerados sexan cubertos por persoal do mesmo territorio, sempre que existan neste demandantes de emprego coas características requiridas para o posto.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 30% do mesmo concello.
- ✓ Aqueles proxectos cuxa materia prima proceda nun mínimo do 40% dos concellos de Deza.

3.3.- Incidencia medioambiental.

Obterán a puntuación aqueles proxectos que cumplan algún dos criterios

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 10 puntos.

Obterán a máxima puntuación:

- ✓ Aqueles proxectos que sexan autosuficientes enerxeticamente na súa totalidade.
- ✓ Proxectos vinculados directamente á conservación da biodiversidade e dos hábitats.
- ✓ Aqueles proxectos que empreguen materiais reciclados nunha porcentaxe superior ao 75%.
- ✓ Que incorporen na súa redacción modelos de recuperación da paisaxe na que se enmarcan.
- ✓ Que incorporen un sistema de xestión total dos residuos xerados na súa actividade.
- ✓ Que empreguen materiais ou materias primas ecolóxicas nunha porcentaxe superior ao 75%.

Obterán 5 puntos:

- ✓ Aqueles proxectos que empreguen enerxías renovables nalgún dos seus procesos.
- ✓ Aqueles proxectos que empreguen materiais reciclados nunha porcentaxe superior ao 45%.
- ✓ Que incorporen algún sistema de xestión de residuos xerados na súa actividade.
- ✓ Que empreguen materiais ou materias primas ecolóxicas nunha porcentaxe superior ao 45%.

3.4. Incidencia sobre determinados colectivos

Proxectos nos que os promotores sexan mulleres, mozo/as, desempregados durante máis de seis anos, emigrantes retornados ou persoas con discapacidade física ou psíquica cun grao superior ó 15% obterán

10 puntos adicionais na baremación dos seus proxectos

3.7.- MARCO DE PUNTUACIÓN

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, sitúase en 25 puntos tanto para os productivos como para os non productivos. As porcentaxes de axuda para esa nota de corte

	NOTA DE CORTE	%AXUDA	NOTA MAX.	% AXUDA
PRODUCTIVOS	25	20,00	100	45,00
NON PRODUCTIVOS ALTA	25	75,00	100	100,00
NON PRODUCTIVOS MEDIA	25	50,00	100	70,00
NON PRODUCTIVOS BAIXA	25	25,00	100	50,00

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo unha vez definidas a nota de corte e a nota que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima calcularase mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtido no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

9.- EQUIPO XESTOR DO GDR.

O GDR Terras do Deza contará cun equipo xestor encargado da difusión do plan LEADER dentro do seu territorio, asesoramento e promoción de iniciativas en todo o territorio, para elo contará co seguinte persoal:

1 **Xerente**, encargado da coordinación do resto do persoal, elaboración do programa de actuacións a seguir e valoración dos resultados acadados. Así mesmo velará polo correcto funcionamento do grupo.

1 **Técnico de proxectos**, encargado do asesoramento e recomendacións técnicas aos distintos promotores, así mesmo deberá recadar tanta información sexa precisa para levar a cabo calquera das iniciativas xurdidas no territorio do Deza , para elo poderá solicitar apoio técnico ou asesoramento cando fora preciso.

1 **Administrativo**; cuxas funcións comprenden a atención o público, xestión de solicitudes, arquivo e xestión de documentación e todas aquelas que sexan demandadas segundo as súas capacidades.

A selección do persoal técnico do GDR deberase efectuar atendendo aos labores que estes van realizar no territorio:

- Mobilización, animación e dinamización: tarefas dunha especial importancia de cara a acadar unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas. Estes labores son importantes, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- Promoción e captación das iniciativas.
- Maduración dos proxectos e apoio aos promotores.
- Apoio técnico para a selección de proxectos.
- Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos, de forma que se siga en contacto máis alá da tramitación das axudas.

A súa contratación atenderá ós principios de libre concurrencia, transparencia, publicidade e obxetividade seguindo estas pautas:

Contratación de persoal:

- A) Proba escrita sobre materias de desenvolvemento rural, normativa de subvencións e o territorio de actuación.
- B) Entrevista persoal sobre os aspectos anteriores, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- C) Méritos, en relación á experiencia e á formación específica vinculada con programas de desenvolvemento rural, cun 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

Na comisión de selección estará presente un representante de Agader con voz e sen voto

Contratación de funcionamento:

De acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o gasto subvencionable exceda de 30.000 Euros no caso de obras, ou de 12.000 Euros, no caso de suministros, consultoría ou asistencia técnica, debendo solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores.

A selección do adxudicatario farase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxetividade que rexen a contratación das administracións públicas. Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na publicación de anuncios en medios de comunicación e na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de ofertas.

10.- SEDE

A sede da Asociación de Desenvolvemento Rural TERRAS DE DEZA quedará establecida de *xeito provisional* nas instalacións da Asociación de Empresarios de Deza, , sita en :

Travesía , Av. da Estación de Autobuses , 36.500 Lalín. Pontevedra.

Teléfono e Fax: 986 783 814

www.aedeza.org

11.- OUTROS ASPECTOS DA XESTIÓN.

Ademais das normas de xestión internas de Terras do Deza, serán de aplicación as contidas no Manual de Procedemento Leader, así como a utilización da aplicación informática facilitada por AGADER.

A Asociación terá en conta para a xestión do Programa, a normativa comunitaria, estatal, autonómica e local aplicable ás actuacións subvencionables, principalmente a seguinte normativa:

- Decisión da Comisión Europea C (2008) 703, do 15 de febreiro de 2008, aprobatoria d PDR
- Bases reguladoras e convocatoria da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008 (DOG 115, 16-6-08)
- Programa de Desenvolvemento Rural Deza
- Normas da Asociación para a xestión do Programa
- Réxime de axudas
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, de 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común
- Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, de 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER)
- Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión, de 1 de decembro de 2006, polo que se establecen dispoñicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005
- Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, de 7 de decembro de 2006, polo que se establecen dispoñicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 no que respecta ós procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ó desenvolvemento rural

12.- PLAN DE DIFUSIÓN DO PROGRAMA.

Unha vez constituído o GDR, a súa directiva levará a cabo un exhaustivo plan de difusión e dinamización do programa LEADER dentro e fora do seu territorio tentando chegar a tódolos axentes, co obxecto de que os habitantes do territorio coñezan en que consiste a metodoloxía Leader e as oportunidades que ofrece o programa.

Neste plan de difusión un dos seus pilares fundamentais, será, ao igual que no resto do proxecto a participación activa de toda a poboación e axentes implicados da zona.

12.1 Estratexia de Difusión

Pártese de que neste territorio houbo un déficit de información sobre o que é un programa leader. Tamén aconteceu que as iniciativas do programa estiveron moi focalizadas en e partes moi concretas do territorio. Polo que desta volta, cumpre, difundir o leader, de xeito tal, que a percura de maior homoxeneidade territorial na implantación das iniciativas , debe ser un obxectivo a conquistar. Dou concellos do territorio non foron destinatarios de ningunha iniciativa no anterior período, polo que, o plan de difusión, debe ter un enfoque claro e serio de chegra á poboación.

Unha das conclusións que se extraen dunha auditoria feita sobre seis grupos de desenvolvemento rural no anterior período, consiste en que os Grupos de desenvolvemento rural deben manter constancia na difusión do programa, dado que nas últimas fases do programa a súa difusión diminúe. De ahí, que este aspecto, debe ser cuidado con especial interese neste territorio.

A filosofía leader obriga a facilitar á poboación o real coñecemento do tódolos aspectos referentes ás actuacións para que se implique no proceso e sexan os verdadeiros protagonistas.

12.2 Accións de comunicación e difusión:

1. - Creación de imaxe corporativa.

Crearase un logotipo que estará presente en todas as accións realizadas e executadas no territorio nas que participe en algún grado a Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Deza.

A poboación deberá poder asociar o logotipo como marca de territorio a todas as accións nas que participe, promova e execute o GDR-DEZA.

Deseño do Logotipo co que se identificará acción e territorio

2.- Elaboración dunha páxina web propia.

Este portal será punto de conexión en internet do programa leader Terras do Deza. Neste portal web, poderase descargar documentación e información para disposición do público en xeral buscando a sencillez e facilidade na súa utilización

A interactividade é imprescindible para facer participativo o programa e que a difusión sexa plena.

Esta páxina Web deberá ter un mantemento e constante actualización para que teña interese e atractivo na poboación. A información deberá ser veraz e reflexar en todo momento o grao de execución do Programa e a súa actividade

3.- Campana de Difusión do Programa no territorio de actuación:

Un vez aprobado o Programa e a adxudicación dos fondos entre as primeiras accións a desenvolver polo equipo xestor organizarase no mes seguinte a súa selección, unha campaña de difusión no territorio do Deza do que é o programa leader e o que supón para o territorio e a súa poboación.

Tal difusión consistirá en xuntanzas informativas en cada un dos seis concellos da Comarca, nas que, xunto co equipo xestor, participarán os representantes de cada unha das mesas sectoriais para informar de todos os aspectos do programa de desenvolvemento rural leader 2007-2013.

Estas xuntanzas deberán manter unha periodicidade ó longo do período, ben por concello, ou ben, segundo determinen as mesas, por sectores.

En calquera caso, a difusión continuada e constante é un elemento clave para o bo funcionamento do programa e que chegue a poboación, tal e como se reflexa na análise crítica deste elemento nos pasados períodos leader.

4.- Realización de documentos videográficos:

Estes documentos ilustrarán sobre as posibilidades do territorio, poboación e coñecemento e saber facer do Deza. Estará composto por reportaxes sobre os diferentes sectores (agricultura, servizos, industria, natureza, patrimonio, cultura) analizando as súas posibilidades e potencialidades. Ó tempo, contará tamén, con opinións dos axentes sociais e económicos que darán a súa visión de futuro.

Estes documentos presentaranse en formato DVD.

Será presentado públicamente e posteriormente colgarase na páxina web da Asociación.

5.- Anuncios en prensa.

Coa periodicidade que se acorde, incluíranse encartes na prensa autonómica e local de publicitación do Programa e da Asociación Terras de Deza.

6.- Elaboración do primeiro folleto informativo.

Tratarase dun documento sintético que se irá rediseñando e definindo con máis precisión a medida que se desenvolva o programa.

O seu contido fará referencia a unha primeira aproximación ó programa leader no territorio do Deza e o seu enfoque cara este novo período

Distribuírase entre todas as entidades e axentes sociais e económicos do territorio.

Tamén se distribuirá en formato CD. Estará incorporado á páxina web en formato pdf.

Nas sedes dos distintos axentes participantes activamente na xestión do programa deberá haber folletos informativos e outro material divulgativo.

7.- Programas nas radios municipais

Con periodicidade semanal na radio comarcal haberá un espazo adicado ás actividades do Programa Leader, con información do equipo técnico en torno ás actividades que se están a desenvolver e novas iniciativas, entrevistas con axentes e promotores do ámbito do desenvolvemento rural, e información referente á execución, valorización e promoción do territorio e da súa xente.

8.- Xornadas temáticas e/ou divulgativas en feiras de relevancia.

Desenvolvemento de xornadas divulgativas dos principais recursos do territorio con ocasión da celebración dos eventos con tradición na comarca (festas gastronómicas, feiras de exaltación, actos de sensibilización da natureza, eventos culturais con tradición, etc).

9.- Estudos, Informes, Publicacións.

Realización de análises, estudos sectoriais e informes sobre aspectos do desenvolvemento rural que profundicen sobre os temas de relevancia para o desenvolvemento rural do Deza

No deza existen xa entidades que teñen tradición na elaboración destes traballos que desta volta forman parte da Asociación

10.- Mapas, Guías, Edición de material de produción, valorización e difusión do territorio.

Partindo do material que xa hai, farase una labor de redefinición do dito material para actualizalo.

Inclúense elementos de marketing territorial que xa hai: camisetas, pins, produtos da artesanía local, etc.

12.- Campana de valorización do patrimonio (natural, cultural, histórico, arqueolóxico)

Dada a importancia da súa rehabilitación como elemento de fixación e de atracción de poboación.

Levarase a cabo mediante a organización de conferencias por concellos donde por parte de expertos na materia se poña de relevo tódolos aspectos que contribúan a poñer en valor o patrimonio do Deza

14.- Poster infomativo.

Realización dun cartel en dous tamaños diferentes que contemple dun xeito gráfico, artístico e sintético a imaxe que a Asociación quere proxectar cara o exterior. Terase especial coidado e atención no seu deseño.

Editarase, alomenos, en dou tamaños diferentese.
No territorio habera unha cumprida presenza deste material.

15.- Boletín:

Editarase un Boletín informativo das actividades e da xestión da Asociación. Esta publicación terá carácter trimestral.

16.- Memoria Anual

Como toda entidade que xestiona fondos e leva a cabo unha actividade, a Asociación de Desenvolvemento Rural do Deza publicará unha Memoria anual onde se fai conta do seu balance contable e de xestión, actividade realizada, plan de actuación e nivel de realización de obxetivos.